



Estrada de Portugal, 27
32870 ó Lobios ó Ourense (España)
P ó 3204300 ó B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE LOBIOS A VINTE E NOVE DE XULLO DE DOUS MIL DEZASEIS

No Salón de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Lobios, sendo as once horas do día vinte e nove de xullo de dous mil dezaseis, tras a correspondente convocatoria, e baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa-Presidenta, Dña. María del Carmen Yáñez Salgado, tivo lugar a sesión extraordinaria do Pleno deste Concello que contou coa asistencia dos/as seguintes Concelleiros/as:

- Jesús Rodríguez Rodríguez
- Domingo Veloso Silva
- Prudencio Pérez Pérez
- Elsa Susana Pena Fernández
- Manuel López Álvarez
- Francisco Veloso González
- Juan Manuel Ferreira Ferreira
- Javier Vieira da Cuña
- David Fernández Delgado [*Incorporouse á sesión ás 12:00 horas*]
- Manuel Fernández Vázquez

Actúa como Secretaria, a da Corporación, D^a Marta Izquierdo Gamallo.

Sendo a hora sinalada pásase a tratar os asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados.

ÚNICO.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO 2016.

Por parte da Alcaldía procédese a sinalar as liñas xerais do proxecto de orzamento xeral para o exercicio 2016 cuxa aprobación inicial se somete á consideración do Pleno. Afirmar que se trata dun orzamento baseado na eficacia e na eficiencia, que potencia dous servizos esenciais para o Concello como son o SAF e o GES, que continúa a levar a cabo obras de mellora no tocante aos investimentos, que contempla actuacións destinadas á xuventude e o turismo, todo elo dirixido ao obxectivo do desenrolo social e económico do Concello de Lobios.

A continuación pasa a ler a Memoria de Alcaldía do proxecto de orzamento segundo consta no Expediente I-2016/011.

Rematada a súa intervención pasa a palabra aos/ás Sres./as Concelleiros/as presentes aos efectos de que formulen as observacións ou comentarios pertinentes.

Toma a palabra o Sr. Concelleiro, D. Francisco Veloso González, quen manifesta que non viu o expediente e que o seu grupo non foi convocado para tratar este tema previamente. Entende que o orzamento achegado non é legal. No mesmo deberían figurar os acordos adoptados en data 4 de agosto de 2015, aínda sen executar: unha partida para a antena de telefonía móbil en San Paio; unha para o tanatorio/velorio de Grou; outra partida para dispoñer de maior número de contedores e limpeza de camiños en Ganceiros; unha partida para o acondicionamento de Os Baños de Riocaldo e das piscinas; unha partida para a construción dunha residencia en Lobios; outra partida para empezar ou rematar o camping en Lobios; outra para pintar o paso de peóns no Paraño; e unha partida para arranxar a ponte da Praza Roxa.

Intervén a continuación o Sr. Concelleiro, D. Juan Manuel Ferreira Ferreira, para preguntar pola aplicación orzamentaria 341.609.



Estrada de Portugal, 27
32870 ó Lobios ó Ourense (España)
P ó 3204300 ó B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Explícalle a Sra. Alcaldesa que nesa partida está prevista a obra destinada a sinalización homologada das rutas BTT no Concello de Lobios cunha previsión de 24.939,07 euros. Este investimento está financiado pola Consellería de Turismo entre un 40% e 60% para potenciar as rutas de montaña.

Ante as dúbidas do Sr. Concelleiro, D. Juan Manuel Ferreira Ferreira, explícalle a Secretaria municipal como se organiza a estrutura orzamentaria, podendo analizar o proxecto de orzamento ben desde as distintas áreas de gasto, ou ben desde os diferentes capítulos.

De novo, o Sr. Ferreira Ferreira formula unha pregunta, esta vez en relación co investimento por importe de 3.500,00 euros destinado a parcela da Residencia.

Acláralle a Sra. Alcaldesa que se trata dunha partida destinada a adquisición de parte dunha parcela da que é necesario dispoñer para a futura construción da Residencia de Anciáns de Lobios, ao estar clasificado ese terreo polo PXOM como dotacional público.

O Sr. Concelleiro do grupo socialista, D. Juan Manuel Ferreira Ferreira, plantexa unha pregunta referida á Festa dos Callos.

A Alcaldía infórmalle que nas BEO está prevista unha subvención nominativa estimada por importe de 6.000,00 euros para o suposto no que haxa algunha asociación interesada na organización e realización da Festa dos Callos, e previa xustificación do gasto realizado a tal fin. Advirte que non é necesario gastar o importe total previsto.

Cando son as 12:00 horas, incorpórase á sesión o Sr. Concelleiro, D. David Fernández Delgado.

Toma a palabra o Sr. Concelleiro do grupo socialista, D. Javier Vieira da Cuña, para preguntar sobre a estimación dos ingresos a percibir pola piscina municipal.

Respóndelle a Sra. Alcaldesa, que a previsión de ingresos foi calculada sobre a base da recadación do ano anterior.

O Sr. Vieira da Cuña retoma a cuestión dos contedores en Ganceiros, esixindo unha recollida do lixo e limpeza dos mesmos. Advirte que segue habendo problemas coa recollida de lixo e a insuficiencia de contedores.

A Sra. Alcaldesa lle informa sobre unha avaría do camión de recollida do lixo, e sobre a existencia duns ratios de distancia mínima entre as vivendas e os cubos do lixo.

O Sr. Vieira da Cuña afirma que nalgúns casos esa distancia entre vivendas e contedores é de 600 metros.

Toma a palabra o Sr. Concelleiro, D. Manuel Fernández Vázquez, para preguntar pola antena de telefonía móbil en San Paio.

A Sra. Alcaldesa informa que ese asunto está en mans da Consellería e pendente de que veñan os técnicos a avaliar a situación.

Neste intre, interrompe a sesión o Sr. Concelleiro, D. Francisco Veloso González, pedindo que se deixe de falar doutros temas e que se vote o asunto que se veu tratar aquí, requiríndolle á Secretaria-Interventora que poña orde na sesión.

A Sra. Alcaldesa solicita que consten expresamente na presente acta as manifestacións do Sr. Veloso González segundo «conseguiu ser Alcaldesa cos votos de catro tontos».

A Sra. Alcaldesa chama a orde ao Sr. Veloso, pedíndolle de seguido, ao Sr. Fernández Vázquez que continúe coa súa intervención que foi interrompida por aquel.

O Sr. Concelleiro D. Manuel Fernández Vázquez pregúntalle á Alcaldía pola limpeza e vixiancia das fosas dos sumidoiros.

A Sra. Alcaldesa lle responde que están tomando medidas para sanear os verquidos e que agradece as comunicacións ou informacións que lles fagan chegar ao respecto.



Estrada de Portugal, 27
32870 ó Lobios ó Ourense (España)
P ó 3204300 ó B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Considerando que están a falar de cuestións que nada teñen que ver co asunto que motivou a convocatoria do presente Pleno extraordinario, a Sra. Alcaldesa plantexa aos/ás presentes que se non hai mais observacións ou comentarios en relación co proxecto de orzamento para o exercicio 2016, pasen logo á votación do mesmo, non tendo ningún inconveniente en continuar falando con eles de calquera outro tema unha vez rematada a sesión.

Non habendo mais alegacións ao respecto, procédese logo á votación do asunto proposto sendo aprobado co resultado seguinte:

- Votos a favor: seis (PP)
- Votos en contra: cinco (PSdG-PSOE)
- Abstencións: cero

Resulta adoptado o seguinte acordo:

En cumprimento do disposto no artigo 168.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, esta Alcaldía somete á consideración do Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobación inicial do proxecto de Orzamento Xeral do Concello de Lobios para o exercicio 2016 que se achega, formado polos Estados de Gastos e Ingresos, polas Bases de Execución do Orzamento e demais documentación referida no artigo 166.1 e 168 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, do que se detalla resumido por Capítulos:

ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE LOBIOS EXERCICIO 2016		
ESTADO DE INGRESOS		
RESUMEN POR CAPÍTULOS		
CAP.	DENOMINACIÓN	PREVISIÓNS
1	IMPOSTOS DIRECTOS	243.195,16
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	4.000,00
3	TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	179.500,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	928.035,89
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	500,00
6	ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	208.374,95
8	ACTIVOS FINANCEIROS	
9	PASIVOS FINANCEIROS	
TOTAL ORZAMENTO POR CAPÍTULOS		1.563.606,00

ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE LOBIOS EXERCICIO 2016		
ESTADO DE GASTOS		
RESUMEN POR CAPÍTULOS		
CAP.	DENOMINACIÓN	PREVISIÓNS
1	GASTOS DE PERSONAL	723.491,27
2	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	525.528,75
3	GASTOS FINANCEIROS	686,03
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	27.471,32
5		0,00
6	INVESTIMENTOS REAIS	266.099,34
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	20.329,29
TOTAL ORZAMENTO POR CAPÍTULOS		1.563.606,00

SEGUNDO.- Aprobación do cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral, cos incrementos retributivos de todos os seus conceptos salariais.



Estrada de Portugal, 27
32870 ó Lobios ó Ourense (España)
P ó 3204300 ó B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

TERCEIRO.- En aplicación do artigo 21.6 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, as modificacións e axustes feitos sobre o Orzamento prorrogado entenderanse feitas sobre o Orzamento definitivo, salvo as modificacións de crédito seguintes realizadas sobre o Orzamento prorrogado na medida en que as mesmas están incluídas nos créditos iniciais do proxecto de Orzamento Xeral para o exercicio 2016, procedendo polo tanto a súa anulación:

NÚM. EXP.	DETALLE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
I-2016/008	XC-01/2016.- CONVENIO GES. DEFINICIÓN REDES DE FAIXAS DE BIOMASA	9.000,00
I-2016/009	TC-01/2016. ACONDICIONAMENTO POZA DE REGADÍO EN CIMADEVILA	2.662,00
I-2016/010	TC-02/2016. ADQUISICIÓN HIDROLAVADORA GES	2.549,00
I-2016/012	XC-02/2016. PROGRAMA PROVINCIAL DE EMPREGABILIDADE	10.000,00

CUARTO. - Expoñer ao público o Orzamento Xeral para o exercicio 2016, as Bases de Execución e cadro de persoal aprobados, por prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos da achega de reclamacións polos interesados.

QUINTO.- Considerar elevados a definitivos estes Acordos no caso de que non se achegue ningunha reclamación.

SEXTO.- Remitir copia á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

E non habendo mais asuntos que tratar a Sra. Alcaldesa-Presidenta, levanta a sesión cando son as doce horas e vinte minutos do día anteriormente sinalado, do que eu como Secretaria dou fe.

A Presidenta

A Secretaria-Interventora

María del Carmen Yáñez Salgado

Marta Izquierdo Gamallo